



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº 025/21
19 de Febreiro de 2021

□ O CONGRESO DOS DEPUTADOS DECLARA O DEPORTE “ACTIVIDADE ESENCIAL”.

A Comisión de Cultura e Deporte do Congreso dos Deputados aprobou a proposición non de Lei para a declaración da actividade física e o deporte como actividade esencial.

A iniciativa respalda este recoñecemento, dado o claro beneficio para a saúde das persoas, facendo énfase na súa esencialidade desde o contexto da pandemia sanitaria do Covid 19 e despois da declaración da actividade física e o deporte como cuestión de interese xeral que o Congreso dos Deputados aprobou o pasado outubro.

Tamén recolle a adopción das medidas necesarias para garantir a protección e continuidade dos servizos profesionais prestados neste ámbito ó conxunto da sociedade e da garantía de que sigan recibindo estes servizos quen requira unha especial atención, por idade, capacidade física ou psíquica, ou patolóxicas.

A expedición de certificados nos casos en que se teñan que acreditar desprazamentos e da garantía de que este recoñecemento verase soamente alterado de maneira excepcional cando as circunstancias sanitarias o fagan necesario e imprescindible.

Texto aprobado:

“O recoñecemento, da Actividade Física e Deporte como “Actividade Esencial” por ser e ter un claro beneficio para a saúde das persoas que o practican, facendo énfases na súa esencialidade desde o contexto da pandemia sanitaria do COVID-19, dentro do marco da declaración da actividade física e o deporte como unha cuestión de interese xeral, aprobada o pasado mes de outubro na Comisión de Cultura e Deporte do Congreso dos Deputados.

Adoptar as medidas necesarias para garantir a protección e continuidade dos servizos profesionais prestados no ámbito da práctica da actividade física e deportiva e dirixidos ao conxunto da sociedade.

Garantir ás persoas que requiran unha especial atención, por razón da idade, capacidade física ou psíquica, ou patoloxías, que sigan recibindo os servizos de exercicio físico prestados por persoal con cualificación en actividade física e deporte.

Expedir certificados para a práctica físico-deportiva supervisada por persoal con cualificación en exercicio físico e deporte, para os casos en que sexa necesario acreditar o desprazamento das persoas que practiquen a actividade física e deporte.

Este recoñecemento verase soamente alterado de maneira excepcional cando as circunstancias sanitarias o fagan necesario e imprescindible.»